

Modelo para a elaboración do comentario PAU (preguntas 3 e 4 da proba)

Atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema. (0,5 puntos)
- Contextualización do documento. (0,5 puntos)
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento. (1,5 puntos) Responda a este apartado:

3.1. Doc.1. Proclama da Xunta provisional de goberno de Madrid (29 de setembro de 1868): MADRILEÑOS:

Constituída no nome do pobo a Xunta provisional de Goberno, o seu primeiro deber é dirixirvos a palabra. A dinastía dos Borbóns rematou (...) O Exército e a Mariña, con abnegación sublime pensaron antes na Patria que en ningunha familia. Desde Cádiz a Santoña resoou o berro de Liberdade, e unhas Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal decidirán sobre os destinos da Patria. Hoxe, reunidos ante a gravidade solemne das circunstancias, un considerable número de cidadáns constituíu unha Xunta provisional; en tanto que mañá, o pobo todo de Madrid, reunido por barrios e por distritos, formulará a súa vontade soberana. (2,5 puntos)

1-O desglose de puntuación do comentario que aparece anteriormente o integramos nun só texto. No primeiro parágrafo do seguinte comentario se inxiren os dous primeiros criterios (identificación e contextualización do tema, valendo un total de 1 punto). Nesta parte se debe mencionar de maneira necesaria o tema ao que pertence, e dicir, o período histórico co que está relacionado. Nótese que se deben facer citas textuais nas que se atopan as ideas que nos serven para soste-lo que a identificación do tema é correcta. Baixo ningún concepto deben faltar as citas textuais.

O seguinte documento é un fragmento dunha Xunta Revolucionaria nacida trala proclamación da Revolución Gloriosa, liderada por Serrano, Prim e Topete, en setembro de 1868 contra a monarquía doutrinaria de Sabela II. O documento anuncia a convocatoria de eleccións a Cortes Constituíntes por sufraxio universal e se produce trala definitiva vitoria na Batalla de Puente de Alcolea sobre as tropas Isabelinas que leva ao definitivo derrocamento da monarquía isabelina “A dinastía dos Borbóns rematou”, “unhas Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal decidiran o destino da nosa nación”. Esta Revolución de 1868 abre unha nova etapa da Historia de España denominada Sexenio Democrático (1868-1874) onde se instaurará por primeira o liberalismo democrático en troques do doutrinario.

2-Despois da introdución onde identificamos o tema e contextualizamos o documento procederemos a comentar o proceso histórico no que se enmarca o documento (1.5 puntos). Deberemos presentalo en torno a tres eixos. Un parágrafo de antecedentes que explican os feitos que conducen ao momento histórico que reflicte o documento. O análise do momento histórico que reflicte o documento (deberemos facer mención textual ao documento: é probable que a mención sexa a mesma a que fixemos na introdución. Neste caso debemos mencionar igual para que non semelle unha resposta a unha pregunta tema e garde sempre relación co documento

comentado). E, por último, deberemos facer mención as consecuencias producidas polo referido nesta parte. Para rematar faremos unha pequena conclusión que recolla a idea fundamental pola que o proceso histórico que estamos explicando ten tanta relevancia no conxunto da Historia de España.

Simplificando, e simplemente como guía, cando comentamos un documento que se refire a un momento histórico debemos sempre explicar como se chega a ese momento (antecedentes: explicar o que sucede inmediatamente antes), o propio proceso e as consecuencias (o inmediatamente posterior. E a importancia xeral do sucedido na conclusión.

En 1856 O'Donnell alíase con Narváez e realizan un pronunciamento contra Espartero. Comeza o segundo período moderado (1856-1868), onde o goberno esta liderado polos moderados e a Unión liberal e non permiten aos progresistas participar no goberno. En 1866 os demócratas, republicanos (forzas baseadas no liberalismo democrático que xorden durante o bienio progresista de O'Donnell) e progresistas asinan o Pacto de Ostende que se aproveita do malestar provocado pola gran crise económica do final do reinado de Sabela II. Neste decláranse en contra de Isabel II. En 1868 O'Donnell e Narváez morren e Serrano convértese no líder da Unión liberal. Este únese ao pacto e proclaman a Revolución Gloriosa nomeada así en homenaxe a revolución inglesa de 1688 na que naceu o parlamentarismo.

A Gloriosa é unha revolución baseada no establecemento de xuntas revolucionarias, como a madrileña, que aparece no documento ("Xunta provisional de goberno [...] o pobo todo de Madrid") inspiradas no liberalismo democrático que comeza en Cádiz. Os líderes son Serrano, Prim (progresista) e Topete. As tropas isabelinas son derrotadas en Puente de Alcolea e Sabela exíliase a Francia. Isto abrirá a posibilidade de configurar un novo sistema político baseado nos principios democráticos e nos intereses das clases medias. Fórmase un goberno provisional presidido por Serrano, composto por unionistas e progresistas e co apoio dos demócratas. Promúlgase a lei electoral de sufraxio universal masculino de 1868 e convócanse eleccións a Cortes constituíntes, tal e como menciona o documento "e unhas Cortes Constituíntes elixidas por Sufraxio Universal". O resultado é a primeira Constitución democrática da historia de España, a Constitución de 1869. Esta, comeza pola parte dogmática, para subliñar as características do liberalismo democrático. Establece a soberanía popular a través do sufraxio universal masculino e unha gran amplitude de dereitos. Entre estes destacan o dereito á privacidade, a voto, igualdade fiscal e a obrigaón a que as detencións sexan xustificadas. Pero o artigo máis importante é o 17, que establece a liberdade de expresión e por primeira vez a liberdade de asociación. Esta medida abre as portas á penetración do marxismo e anarquismo da AIT en España. Porén, esta Constitución aínda conserva certos elementos propios do liberalismo doutrinario. España continúa sendo un estado confesional, aínda que se permite a liberdade de cultos. A nivel orgánico, o rei posúe o poder executivo e as Cortes o lexislativo. Estas eran bicamerais (liberalismo doutrinario), divididas en Senado e Congreso. Esta etapa do goberno provisional rematará coa proclamación de Amadeo I de Saboya.

A modo de conclusión podemos afirmar que o Sexenio democrático supuxo o primeiro período democrático da Historia de España que rematou coa reacción das clases propietarias ante o medo ao avance do movemento obreiro da FRE da AIT e o aumento de poder das clases medias do republicanismo.

A **rúbrica** quedaría da seguinte maneira:

O que non se debe facer:

-limitarse a reproducir os documentos (paráfrase)

-non utilizar os documentos. O exercicio non ten como obxectivo responder a unha hipotética pregunta teórica, senón explicar unha realidade histórica partindo dos documentos e da información que os acompaña

O que se debe facer:

-utilizar os documentos na redacción (como mínimo citalos no texto redactado. Valoraranse referencias adicionais: datos ou argumentos que figuren neles)

-contextualizar os documentos (como mínimo incluír unha explicación básica sobre a etapa histórica na que se sitúan. Valoraranse referencias adicionais sobre a data de publicación e a orixe dos textos)

-analizar os documentos (como mínimo referirse a unha das ideas que figuren neles. Valorarase a introdución de ideas adicionais) -completar a información dos documentos (introducir contidos teóricos que teñan relación cos documentos e permitan responder as cuestións sinaladas no encabezamento da proba como “cuestións a atender”)

-desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre si (seguir a orde das “cuestións a atender” ou desenvolver unha orde alternativa)

Moi deficiente (0-0.25) Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)

Deficiente (0.5) Resposta mestura paráfrase dos documentos con algunha xeneralidade (1,5) A resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2)

Aprobado (0.75) A resposta trata parte das cuestións sinaladas na introdución, cita os documentos, contextualízalos parcialmente e fai algún comentario do seu contido. A redacción e a argumentación son correctas en liñas xerais.

Notable (1) A resposta desenvolve todas as cuestións sinaladas na introdución, cita e contextualiza ben os documentos e analiza parte do seu contido. A redacción é precisa e o texto está ben argumentado.

Sobresaliente (1.5) A resposta desenvolve con solvencia as cuestións sinaladas na introdución ou engade cuestións adicionais. Cítanse e contextualizan ben os documentos e faise un análise en profundidade deles. A redacción é precisa, o texto está ben argumentado e fai uso de vocabulario específico.”